



FOLLETO MISA CON NENOS

MISA CON NENOS

31 de decembro 2023

Sagrada Familia

Evanxeo Lucas 2, 22-40:

"O neno ía crescendo, cheo de sabedoría.

Mensaxe: Nace Xesús nunha FAMILIA.

QUERE E COIDA A TÚA!



**Xesús nace nunha familia,
quere e coida a túa**

1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: Con toda a alegría do Nadal reunímonos neste domingo para celebrar á Sagrada Familia. Deus fíxose un dos nosos, elixiu unha nai, fíxose neno e compartiu a nosa condición humana para salvarnos. Na familia de Nazaré, Xesús aprendeu a amar e a rezar ao Pai do ceo. Amigos, valoremos a familia, recemos por ela, especialmente polas que sofren.

O lema deste día é “a familia, portadora da Boa Noticia”.

SAÚDO DO SACERDOTE: *Que o amor de Deus feito neno en Belén para salvarnos, estea convosco.*

(Pódese acompañar ao sacerdote cunha Icona da Sacra Familia; no altar pódese colocar unha casiña do portal coas tres figuriñas: Xesús, María e Xosé. Non estaría mal que algunha familia ou varias realizasen as lecturas, as peticións ou as ofrendas).

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: *Recoñezamos os nosos pecados.*

Catequista: • Fillo de Deus, que nacido de María, fixécheste o noso irmán.
Señor, ten piedade de nós.

• **Niño/a:** Fillo de María, que coñeces e comprendes a nosa debilidade.
Cristo, ten piedade de nós.

• **Pais:** Fillo primoxénito do Pai, que fas de todos nós unha soa familia.
Señor, ten piedade de nós

Sacerdote: *Deus, o noso Pai teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e lévenos á vida*

3. MONICIÓN Á PALABRA DE DEUS

O libro do Eclesiástico, escrito no ano 190 A.C., dinos que a familia debe basearse no amor e o respecto, lembrándonos o coidado que debemos prestase aos nosos anciáns. San Paulo descóbrenos os valores, a vida, da familia cristiá: a compaixón, a bondade, o perdón, a acción de grazas a Deus. No evanxeo nárrese como Xesús, na familia de Nazaré, crece en sabedoría e en graza de Deus.



LECTURAS

ECLESIAÍSTICO 3, 2-6.12-14: *Honra os teus pais.*

O Señor honra máis o pai que os fillos e afirma o dereito da nai sobre eles. **Quen honra o seu pai expía os seus pecados, e quen respecta á súa nai é como quen acumula tesouros.** Quen honra o seu pai alegrarase dos seus fillos e **cando rece, será escoitado.** Quen respecta o seu pai terá longa vida, e quen honra á súa nai obedece o Señor.

Fillo, coida de teu pai na súa vellez e durante a súa vida non lle causes tristeza. Aínda que perda o xuízo, **sé indulxente con el** e non o despreces aínda estando ti en peno vigor. Porque a **compaixón cara ao pai** non será esquecida e servirache para reparar os teus pecados. *Palabra do Señor.*

SAL. 127: *Ditosos os que temen o Señor e van polos seus camiños.*

COLOSENSES 3, 12-21: *A vida de familia vivida no Señor.*

Irmáns: Como elixidos de Deus, santos e amados, **revestídevos de compaixón entrañable, bondade, humildade, mansedume e**

paciencia. Soportádevos mutuamente e perdoádevos cando algún teña queixas contra outro. O Señor perdoouvos: facede vós o mesmo. E por encima de todo isto, **o amor**, que é o vínculo da unidade perfecta. Que a paz de Cristo reine no voso corazón; a ela fostes convocados, nun só corpo.

Sede tamén agradecidos. A palabra de Cristo habite entre vós en toda a súa riqueza; ensinádevos uns a outros con toda sabedoría; exhortádevos mutuamente.

Cantade a Deus, dádlle grazas de corazón, con salmos, himnos e cánticos inspirados. E, todo o que de palabra ou de obra realicedes, sexa todo en nome de Xesús, dando grazas a Deus Pai por medio del. *Palabra do Señor.*

SAN LUCAS 2, 22.39-40: O neno ía crescendo cheo de sabedoría
(Breve)

Narrador:

Cando se cumpriron os días da purificación, segundo a lei de Moisés, os pais de Xesús levárono a Xerusalén para presentalo ao Señor.

E, cando cumpriron todo o que prescribía a lei do Señor, Xesús e os seus pais volveron a Galilea, á súa cidade de Nazaré.

O neno, pola súa banda, **ía crescendo e robustecéndose, cheo de sabedoría; e a graza de Dios** estaba con el.

Palabra del Señor.

4. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: *Damos grazas a Deus polas nosas familias e pedimos por todas, especialmente polas máis necesitadas, dicindo:*

-Pedímoscho, Pai.

1. Para que a familia sexa comunidade permanente de vida e amor. **Oremos.**

2. Para que nas nosas familias amémonos cada día máis superando as dificultades. **Oremos.**

3. Para que nas nosas familias poñamos amor e alegría ao noso ao redor e abrámonos aos que nos necesiten. **Oremos.**

4. Para que as familias en crises, sen traballo ou que viven con tensións, atopen axuda e fortaleza para saír adiante. **Oremos.**

5. Para que eduquemos na fe aos nosos fillos orando e participando xuntos na eucaristía. **Oremos.**

6. Para que saibamos valorar a presenza dos avós en casa, vexamos neles a fonte da sabedoría, o tronco onde naceu o que somos e temos. **Oremos.**

7. Para que fagamos das nosas familias fogares, pequenas Igrexas, santuarios de vida e de amor. **Oremos.**

Sacerdote: *Pai, envolve no teu amor a este mundo e bendí a todas as familias.*



5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

MARCA PÁXINAS DO DÍA DA FAMILIA (que ao final repartimos) (unha familia maior):

Bendí, Señor, a nosa Familia, asoláganos da túa Paz e a túa Alegría, acende a Luz da túa Amor na nosa casa e chea de sabor as nosas vidas.

-CARTEL DO DÍA DA SDA. FAMILIA (un

coidador): Hoxe queremos ofrecerche as familias da nosa parroquia/ comunidade. Pedímosche que cada “**familia sexa portadora da Boa Noticia**” de Xesús ao mundo, vivindo a compaixón, a bondade, a humildade, a paciencia e sobre todo o amor e a fe.

-UNHAS ALIANZAS (un matrimonio novo):

Ofrecémosche estas alianzas, signo do compromiso de comunión, fidelidade e entrega da nosa vida matrimonial.

-O PAN, VIÑO (unha nena e un neno): Co pan e co viño poñemos hoxe sobre o altar o noso compromiso de amar nos pequenos detalles, perdoarnos, preocuparnos dos máis débiles e rezar unidos.



6. XESTO DE ADORACIÓN DO NENO XESÚS

(Ao final da celebración mentres se cantan unhas panxoliñas).

Que o xesto de adoración inclinando a cabeza que imos facer agora ao achegarnos á imaxe do Neno Xesús, sexa a nosa firma do compromiso contraído de vivir agradecidos ao Señor que vén salvarnos e sentíndoo ao noso lado sempre.



7.- ORACIÓN DE GRAZAS

Oración da familia 2023

Padre, Deus Pai, que na Sagrada Familia nos deches un modelo perfecto de vida de fe e obediencia á túa vontade, dámosche grazas pola nosa familia e rogámosche que nos concedas a fortaleza para permanecer unidos no amor, a xenerosidade e a alegría de vivir xuntos.

Señor Xesús, que creciches no fogar de Nazaré, pedímosche que nos axudes a cumprir a nosa misión de transmitir a fe que herdamos dos nosos maiores.

Abre os corazóns dos nosos fillos para que floreza neles a semente da fe que recibiron no bautismo. Fortalece a fe dos nosos mozos e axúdaos a descubrir a súa vocación.

Espírito Santo, aumenta o amor e conserva a fidelidade en todos os matrimonios; guía a aqueles que teñen dificultades para que poidan superalas permanecendo unidos na caridade.

Pedímoscho por intercesión da Sacra Familia, modelo supremo de vida familiar. Amén,

**FELIZ DOMINGO da
SAGRADA FAMILIA**